

PROGRAMACIÓN DOCENTE DE TRABAJO FIN DE ESTUDIOS
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA
TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO) CURSO
2019/20 VENTO-MADEIRA

Adaptación por mor da situación do confinamento derivada do estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, publicado no Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, BOE número 67, do 14 de marzo, e realizada no marco da Instrucción do 27 de abril de 2020 da dirección xeral de Educación e Formación Profesional e Innovación Educativa

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: TRABAJO FIN DE ESTUDIOS										
ESPECIALIDADE:	INTERPRETACIÓN				ITINERARIOS:	VENTO MADEIRA				
CARÁCTER:					TIPO DE CLASE:					
DEPARTAMENTO:	VENTO MADEIRA				XEFE DE DPTO.:	ISMAEL VAQUERO				
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	COORDINADOR/A DA DISCIPLINA:	ISMAEL VAQUERO				
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV		V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:
ECTS/CUAD.	-	-	-	-	-	-	10	Observacións:		O alumno/a terá un titor/a asignado da especialidade, co que realizará as necesarias titorías para o asesoramento no correspondente traballo
NOME E APELIDOS					EMAIL/TEL/WEB			TITORÍA		
DOCENTES:	Ismael Vaquero				ismaelvaquero@edu.xunta.es			Mércores, 12.00 h.		
	Marta Sancho				msanchoclarinet@gmail.com			Mércores, 10:00 h.		
	Uxía Bolaño				uxia.clarinete@gmail.com			1o Cuad: Venres, 11:00 h. 2o Cuad: Mércores, 12:00 h.		
	Julio Cabo				cabo60@gmail.com			Luns ,9.30 h.		
	Cesar Concheiro				cesarconcheiro@gmail.com			Luns, 19.00 h.		
	Alejandra Rivera				alejandra.rivera@edu.xunta.es			Xoves 12:30 h.		
	Narciso Pillo				npillo@telefonica.net			Venres, 12.00 h.		
	Pablo Coello				pablocoello@yahoo.es			Xoves, 10,30 h.		

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Interpretación dun concerto público con elaboración e defensa dun traballo académico que poderá versar sobre diversos aspectos do repertorio elixido, do seu instrumento ou calquera outra temática relacionada coa especialidade e itinerario.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	<p>Son coñecementos previos todos os abordados ao longo de todos os estudos conducentes á titulación na especialidade e itinerario correspondente.</p> <p>Requírese estar matriculado nos créditos da disciplina do traballo fin de estudos, así como o cumprimento dos prazos e normas establecidas no protocolo correspondente, aprobado polo centro.</p> <p>A presentación pública do TFE estará condicionada á superación de todas as disciplinas que integran o plan de estudos da súa especialidade.</p>
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS	A disciplina do traballo fin de estudos ten relación directa con todas as disciplinas da especialidade e itinerario correspondente.

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T4, T5, T6, T8, T14, T15, T16
COMPETENCIAS XERAIS:	X2, X3, X5, X6, X7, X8, X10, X13, X21, X25
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI1, EI2, EI3, EI4, EI5, EI6, EI8, EI10
Ver a lista e descrición de competencias no Decreto 163/2015 do 29 de outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
-Elaborar e defender un traballo académico que integre, sintetice e aplique os coñecementos teóricos adquiridos ao longo dos cursos e saber buscar e seleccionar información valorando de xeito crítico	T1, T2, T3, T4, T5, T6, T8, T14, T15, T16, X5, X8, X10, X13, X25, EI6.
-Interpretar un concerto público onde se reflectan todos os coñecementos prácticos e artísticos adquiridos ao longo das disciplinas cursadas.	T1, T2, T3, T6, T15, T16, X2, X3, X6, X7, X8, X13, X21, X25, EI1, EI2, EI3, EI4, EI5, EI8, EI10

4. CONTIDOS	
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS
Exercicio escrito (Traballo académico e defensa do mesmo)	<p>-O traballo poderá versar sobre diversos aspectos do repertorio elixido, do seu instrumento, ou calquera outra temática relacionada coa especialidade, tanto en aspectos históricos, estilísticos como didácticos, e aprobada polo departamento.</p> <p>-Deberá ter unha extensión mínima de 20 páxinas (contendo polo menos 5.500 verbas), tamaño DIN A4, letra Arial tamaño 12, a dobre espazo, sen contar coas referencias bibliográficas e os títulos.</p> <p>-Deberá estar debidamente presentado, cunha correcta encadernación, que permita a súa posterior garda na biblioteca do centro. Deberá estar debidamente presentado en formato dixital. -Dito traballo deberá conter un resumo do mesmo nun idioma estranxeiro, en galego e mais en castelán de entre 300 e 700 palabras.</p> <p>- A defensa do traballo realizarase de forma virtual por videoconferencia baixo a modalidade de concertación previa.</p> <p>Excepcionalmente, se algún alumno non ten unha liña de adsl estable que permita o desenrolo axeitado da videoconferencia, se poderá proponse a gravación da exposición do traballo sen perxuro de realizar o debate por videoconferencia. A proposta deberá estar avalada polo tutor, quen será coñecedor da particular circunstancia. Neste caso a gravación levarase a cabo seguindo a metodoloxía indicada para a gravación do repertorio.</p> <p>O alumno/a disporá dun máximo de 20 minutos para a defensa do seu traballo académico. A continuación o tribunal abrirá un proceso d debate ou poderá formular rolda de preguntas, cun máximo de 10 minutos para dita parte.</p>

<p>Interpretación (Concerto público) do repertorio</p>	<p>Por mor da situación do confinamento derivada do estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, publicado no Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, publicado no BOE número 67, do 14 de marzo, e seguindo a Instrución do 27 de abril de 2020 da dirección xeral de Educación e Formación Profesional e Innovación Educativa, a interpretación do concertó público substitúese pola gravación dun repertorio que será presentado en soporte dixital.</p> <p>A gravación realizarase sen cortes no horario e data que establezca a convocatoria. O alumno comezará a gravación coa locución dunha clave de referencia que o titor suministrará a cada alumno con 15 minutos de antelación antes do inicio da hora da gravación. O alumno disporá, ademais do tempo estimado de duración do seu repertorio, 30 minutos adicionais para envía-la gravación aos membros do tribunal.</p> <p>Terá unha duración de entre 45 e 70 minutos, coa posibilidade dun descanso opcional que non computará no tempo e que non debe exceder de 15 minutos.</p> <p>- A duración mínima do repertorio axústase a 20 minutos.</p>
<p>Proposta</p>	<p>-21 de outubro. Publicación de títos asignados.</p> <p>-A proposta do tema concreto que se pretende desenvolver, e do programa a interpretar, presentárase na secretaria administrativa do centro, cumprimentando o modelo correspondente, dende o 21 de outubro ata o 15 de novembro. Deberá levar a aprobación inicial do titor asignado. Constará alomenos dos seguintes puntos: Título, Xustificación, e Índice Xeral. Esta solicitude cumprimentárase na web do centro (apartado de secretaria), procedendo á súa posterior impresión e entrega na secretaria administrativa do centro.</p> <p>Aceptación da proposta por parte do Departamento, que terá de prazo para resolver ata o 27 de novembro. De non considerarse idónea a proposta, o/a alumno/a deberá aceptar os cambios propostos polo departamento ou presentar unha proposta nova. Neste caso o/a alumno/a disporá dun prazo de 10 días naturais en período lectivo, para reformular a súa proposta.</p> <p>-Os alumnos/as que aproben disciplinas nas datas de adianto de convocatoria e se matriculen do TFE en decembro realizarán a proposta de TFE entre o 14 e o 18 de decembro. A aceptación da proposta por parte do departamento realizarase antes do 12 de xaneiro.</p> <p>Se ao longo do desenvolvemento do traballo xurdise a necesidade de modificar calquera aspecto do TFE, o/a alumno/a solicitará mediante instancia. Revisada a petición, o departamento resolverá o que proceda, informando directamente ó/a alumno/a a través do correo electrónico. O prazo para presentar as propostas de modificación do TFE será de ata 30 días naturais antes do día do recital. 25 días naturais antes da data do exame.</p>
<p>Entrega do traballo</p>	<p>O/A alumno/a entregará o traballo por correo electrónico ao correo de vicedireccion@csmcoruna.com nas datas que se determinen a tal efecto, que con carácter xeral ha de ser posterior á publicación das cualificacións e en calquera caso, con tres semanas de antelación sobre a data do exame. En caso de non presentalo no prazo establecido non se convocará o tribunal e o alumno non poderá realizar o exame.</p> <p>No caso de non ser posible o envío en formato dixital enviarase unha copia en papel por correo postal ou mensaxería á atención da vicedirección do centro. Neste último caso, o alumno informará por correo electrónico á dirección do centro do envío do seu traballo mediante esta modalidade.</p> <p>Xunto co traballo achegará o programa a interpretar e toda canta información se queira aportar propia dun programas de man, que alomenos deberán conter: programa a interpretar (autor, obra, movemento, etc.), músicos participantes (de ser o caso), breve curriculum, e notas ao programa.</p>

<p>Datas de realización do TFE</p>	<p>-Alumnos/as que aproban todo na convocatoria ordinaria do 2º Cuadrimestre:</p> <p style="padding-left: 40px;">Convocatoria ordinaria: do 1 de xuño ao 8 de xullo.</p> <p style="padding-left: 40px;">Convocatoria extraordinaria: ao longo do 1º cuadrimestre do seguinte curso, ata o remate do periodo lectivo do 1º cuadrimestre</p> <p>-Alumnos/as que aproban todo na convocatoria extraordinaria de xuño:</p> <p style="padding-left: 40px;">Convocatoria ordinaria: do 5 de outubro ao 6 de novembro do seguinte curso.</p> <p style="padding-left: 40px;">Convocatoria extraordinaria: ata o 12 de marzo</p> <p>-Alumnos/as que aproban todo no adiamento de convocatoria de decembro ou na convocatoria ordinaria do 1º cuadrimestre:</p> <p style="padding-left: 40px;">Convocatoria ordinaria: do 3 de febreiro ao 13 de marzo ou do 1 de xuño ao 8 de xullo.</p> <p style="padding-left: 40px;">Convocatoria extraordinaria:</p> <p style="padding-left: 80px;">En caso de ter realizado a ordinaria entre o 3 de febreiro e o 13 de marzo, a extraordinaria será entre o 1 de xuño e o 8 de xullo.</p> <p style="padding-left: 80px;">En caso de ter realizado a ordinaria entre o 1 de xuño e o 8 de xullo, a extraordinaria será ata o 22 de xaneiro do seguinte curso.</p>
------------------------------------	---

5. METODOLOXÍA, ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN			
TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN	TOTAL HORAS
Proposta dun traballo académico	Non presencial	Ver punto 4	
Elaboración dun traballo académico	Non presencial	Permanente	
Proposta dun programa de concerto solista	Non presencial	Ver punto 4	
Ensaio para a preparación da presentación pública dun concerto solista Actividade anulada	Presencial	Regulares	
Titorías	Presencial/ virtuais	Regulares	
Exposición e defensa do traballo académico	Virtual	Ao final segundo calendario. Ver punto 4	
Interpretación pública do concerto Interpretación do repertorio	Presencial virtual	Ao final segundo calendario. Ver punto 4	
TOTAL HORAS:			300

6. AVALIACIÓN

De ser o caso, o alumnado que non supere ou non presente o traballo fin de estudos (TFE) no curso escolar en que finaliza os estudos, terá dereito a utilizar as convocatorias correspondentes durante o primeiro cuadrimestre do seguinte ano académico.

6.1. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

Interpretación pública do concertó dun repertorio e exposición e defensa do traballo académico.

6.2. Criterios de Avaliación sobre a Interpretación do Recital

Interpretativos ou de execución	Execución rítmica precisa e segura	Ata 1,5 puntos
	Calidade do son e afinación. Homoxeneidade, riqueza tímbrica e gradacións dinámicas Control da sonoridade e da afinación	Ata 1,5 puntos
	Fidelidade ao texto	Ata 1,5 puntos
	Interpretación correcta dos signos de articulación e expresión	Ata 1,5 puntos
	Coherencia e rigor estilística na interpretación do programa.	Ata 1,5 puntos
	Profesionalidade no escenario, utilización de recursos escénicos e interpretación de memoria do repertorio. Posta en escea e interpretación de memoria do repertorio	Ata 0,5 puntos
Dificultade técnica, interpretativa e interese artístico do programa		Ata 1 puntos
Elaboración das notas ao programa: valoración dos contidos expostos e da súa redacción		Ata 1 puntos

6.3. Criterios de Avaliación do Traballo Académico

Aspectos formais do traballo	Claridade de ideas, de exposición e de organización da información.	Ata 1 puntos
	Relación e coherencia entre as partes do traballo, vinculada a una boa calidade lingüística do discurso. Capacidade de síntese.	Ata 1,5 puntos
Fundamentación teórica do traballo	Suficiencia e profundidade do marco teórico, de xeito que se demostre ter coñecementos sobre o desenvolvemento e nivel alcanzado no tema tratado.	Ata 3 puntos
	Creatividade e orixinalidade na presentación da temática, na súa abordaxe ou no seu tratamento.	Ata 1 puntos
	Documentación de apoio actualizada e referencias bibliográficas citadas conforme ás normas propias dos traballo científicos e profesionais.	Ata 1 puntos
Conclusions do traballo		Ata 1 puntos
Defensa pública do traballo		Ata 1,5 puntos

É requisito imprescindible aprobar as dúas partes para obter a nota final, que xurdirá da ponderación das notas do Traballo Académico (20%) e do Recital (80%).